

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 12 DE MARZO DE 2018.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de marzo de dous mil dezaoito ; as nove horas e vinte e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde en funcións D Ricardo González Amaro, (ante a ausencia por enfermidade do alcalde titular).- Concelleiros: Dona María López Touza , Don Javier Iglesias Sendín..

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde en funcións, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado cinco de marzo de dous mil dezaoito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 145/2018 RIB / N/06.1/18

Visto o escrito presentado por Don Jaime Gómez Gómez, onde solicita Licenza de Obras segundo “ Proxecto básico e de execución de rehabilitación de cuberta” redactado polo arquitecto don Luis Antonio Chao Gómez, con data de visado colexial de 6 de outubro de 2017.

Consta “ Proxecto básico e de execución de rehabilitación de cuberta” redactado polo arquitecto don Luis Antonio Chao Gómez, con data de visado colexial de 6 de outubro de 2017.

Na Comisión de seguemento do PEPRI de 1 de febreiro de 2018 aprobouse a proposta presentada.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 9 de marzo de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 9 de marzo de 2018.

A Xunta de Goberno Local, acorda :

Conceder licencia a Don Jaime Gómez Gómez, para “ Proxecto básico e de execución de rehabilitación de cuberta” redactado polo arquitecto don Luis Antonio Chao Gómez, con data de visado colexial de 6 de outubro de 2017.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

Sinalanse expresamente como de aplicación:

Decreto 143/2016 , polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 350.3:” As licenzas urbanísticas deben outorgarse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros”

Regulamento de Servizos das Corporacións Locais:

-artigo 10 : “ Os actos das corporacións locais polos que se intervenía a acción dos administrados producirán efectos entre a corporación e o suxeito a cuxa actividade se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre éste e as demais persoas”

-artigo 12:” 1 As autorizacións e licenzas entenderanse outorgadas salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

2 Non poderán ser invocadas para excluír o diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tiveran incurrido os beneficiarios no exercicio das súas actividades”

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Contía na que se orzan as obras: 31.040,90 € orzamento de execución material

Situación e emprazamento das obras: Santiago nº 23, Ribadavia.

Nome ou razón social do promotor: D Jaime Gómez Gómez

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezaoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Xírase liquidación por importe de 807,06 euros.

OUTRAS CONDICIONS.-

-As obras axustaranse ao “ Proxecto básico e de execución de rehabilitación de cuberta” redactado polo arquitecto don Luis Antonio Chao Gómez, con data de visado colexial de 6 de outubro de 2017.

-O outorgamento da presente licenza non exime ao seu titular do cumprimento da normativa civil.

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde , recollidas na normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Escrito de don Manuel Fernández Carballido en representación de Frigoríficos Fercon SI con rexistro de entrada no concello de 6 de marzo de 2018, no que expón que “ el 20 de octubre de 2017 solicita al concello de Rivadavia licencia de obra para instalación de túnel de congelación, instalación frigorífica y equipo de tratamiento de aguas. Por dicha licencia se procede al pago de una tasa de 17.890,48 € Tras recibir la resolución de concesión de licencia de obra(se adjunta), el día 12 de febrero de 2018, en la cual se señala que no se va a realizar obra civil, ni se va a modificar la estructura de las instalaciones existentes ; y considerando que no es necesario la comunicación previa de obras para dichas instalaciones “ solicita “ devolución de la tasa pagada el 20 de octubre de 2017 por importe 17.890,48 € al número de cuenta desde el cual se hizo el pago.

visto o informe técnico de data 25 de xaneiro de 2018, emitido pola arquitecta municipal en relación ao referenciado no que se conclúe” dado que as actuacións a levar a cabo na nave non supoñen a realización de obras dentro da mesma, considerase que non é necesario a comunicación previa de obras para ditas instalacións”

A xunta de goberno local acorda acceder a devolución da taxa solicitada dado que a actuación referenciada non está suxeita a comunicación previa nin polo tanto a taxa municipal.

-Escrito de dona Felisa Emilia Fernández Pérez, con rexistro de entrada no concello de 8 de marzo de 2018, denunciando exceso de ruído no Pub Tubular.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que está solicitado un sonómetro á Xunta de Galicia para efectuar unha medición de ruídos de dito establecemento antes as queixas dos veciños.

-Escrito de don Juan Carlos Fernández Fernández, con rexistro de entrada de 5 de marzo de 2018, desistindo da licenza solicitada con rexistro de entrada de 15 de febreiro de 2018 para cubrición de terraza traseira de piso con armazón de aluminio e policarbonato en Estrada de Francelos nº 34, e solicitando a devolución da taxa de 42 euros.

A xunta de goberno acorda acceder á devolución da taxa de 42 euros abonada.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

.5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades físico-deportivas 2018, aprobadas pola Xunta de Goberno Local con data 2 de febreiro de 2018 e publicadas no B.O.P. nº 39, de 17 de febreiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado:“Cross Ribadavia 2018”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as nove horas e trinta minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.